



Concello da Pobra do Brollón

BANDO

D. JOSÉ LUIS MACEDA VILARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN (LUGO),

FAI SABER:

Co fin de poder axudar e apoiar ao pobo ucraíno ante a situación de extrema necesidade que están a vivir a consecuencia do conflito bélico en Ucraína, e consultadas as recomendacións para axudar á poboación de forma eficaz, o Concello da Pobra do Brollón pon á disposición dos veciños e veciñas un número de conta bancaria para que as persoas interesadas poidan facer as súas achegas económicas.


O número de conta bancaria é o seguinte: **ES87 3070 0011 1563 1793 1027**
(Caixa Rural da Pobra do Brollón)

Os donativos recadados serán transferidos á organización “Médicos sin fronteras” que está dando apoio á poboación ucraína afectada.

A aquelas persoas que o soliciten se lles emitirá un certificado asinado polo Secretario do Concello, pero aos efectos de desgravación fiscal por donación pode non ser válido ao non tratarse dunha ONG. Neste caso, as aportacións deberíanse facer directamente mediante as ONG Humanitarias que traballan na zona.

A Pobra do Brollón, 25 de marzo de 2022

(Documento asinado dixitalmente a marxe)





Concello da Pobra do Brollón



Cod. Validación: D5W6XDCLKJTMFN96CZ946MHGN | Corrección: <https://concellospobradobrollon.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2